

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL APROBADA POLA XUNTA DE PORTAVOCES DO PARLAMENTO DE GALICIA

Hoxe cúmprense sesenta anos desde que un 10 de decembro de 1948 a Asemblea Xeral de Nacións Unidas aprobara e proclamara a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Este documento é a primeira afirmación universal da inherente dignidade e igualdade de todos os seres humanos. O recoñecemento de que o home e a muller son titulares de toda unha serie de dereitos que emanan da súa propia condición humana e que son imprescritibles e inalienables.

Hoxe, sesenta anos despois, téñense producido grandes avances no camiño cara o respecto universal destes dereitos, pero tamén queda moito por facer. Así que sesenta anos despois, o espírito do seu articulado segue vixente e é tan necesario como naquel momento clave da nosa historia.

A propia Declaración debe constituír un ideal común polo que todos os pobos e nacións deben esforzarse, a fin de que tanto os individuos como as institucións, inspirándose constantemente nela, promovan, mediante o ensino e a educación, o respecto a estes dereitos e liberdades.

Cando falamos de dereitos humanos, falamos do dereito a unha vida digna; á liberdade de opinión e expresión, e a un xuízo xusto; ao libre consentimento para contraer matrimonio; á seguridade e protección necesarias para a satisfacción dos dereitos económicos, sociais, e culturais; do dereito ao traballo e dun salario igual por un traballo igual; do acceso á auga potable; do dereito á libre orientación sexual e á identidade de xénero, do dereito á educación e á paz.

A pobreza, as guerras, a violencia, o fanatismo e a intolerancia son poderosos inimigos, e o traballo para acadar que o respecto aos Dereitos Humanos se estenda a cada lugar do planeta é difícil, pero non imposible.

Seguen existindo países que manteñen a pena de morte e levan a cabo execucións, países sobre os que pesan graves acusacións de tortura, tal e como sinalan as principais organizacións internacionais de defensa dos dereitos humanos.

Por todo isto, este Parlamento apela aos principios e valores que inspira esta Declaración para seguir impulsando políticas que reduzan a pobreza, favorecendo o desenvolvemento humano e evitando a discriminación, previndo conflitos e fortalecendo as institucións democráticas.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 08.